

Á MESA DO PARLAMENTO

O deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan M. Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión**.

O xuíz instructor do caso Alvia, Andrés Lago Louro vén de rexeitar todos os recursos formulados e se nega a practicar máis probas para aclarar as circunstancias do descarrilamento do Alvia na curva de Angrois. Neste momento, está en mans da Audiencia Provincial da Coruña decidir sobre a pertinencia de pechar a instrución e a convocatoria para xuízo oral ou se seguirá investigando as circunstancias do sinistro no que faleceron 80 persoas e resultaron feridas outras 147.

Entre os recursos presentados atópanse o das asociacións de vítimas e máis o da defensa do maquinista Francisco José Garzón, único imputado por 80 homicidios por imprudencia grave. Case que todos os recursos solicitaban a realización de máis probas. A Plataforma de vítimas do Alvia pide, no seu recurso, que a Audiencia Provincial da Coruña desestime o fin da instrución e obrigue ao xuíz Lago Louro a practicar máis probas. Segundo o avogado da asociación non resulta crible que o xuíz instructor non considerase pertinente ningunha soa das dilixencias solicitadas por varias acusacións. Considera que se está a dar un caso de escurantismo desde todos os órganos da Administración e que a ninguén lle interesa saber a verdade.

A asociación lembra, así mesmo, que a Audiencia Provincial de Valencia ordenou a reapertura da investigación do accidente do metro de Valencia. Tamén lembrar que a Comisión Europea se comprometeu a emitir un informe sobre o caso en febreiro ou marzo no que abordarán aspectos como a falta de avaliación de riscos, a ausencia dun

organismo independente en materia de investigación de accidentes ou a homologación do tren.

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

Como avalía a Xunta de Galicia o peche da instrucción do caso Alvia sen atender algunhas das demandas de investigación das vítimas do mesmo e doutras acusacións presentes no caso?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 01/02/2016 17:35:07

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 01/02/2016 17:35:15

Ramón Vázquez Díaz na data 01/02/2016 17:35:19

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 01/02/2016 17:35:23

Eva Solla Fernández na data 01/02/2016 17:35:26

Jose Javier Ron Fernandez na data 01/02/2016 17:35:29